



Federación Galega
de Caza



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Xunta Electoral



NOTA INFORMATIVA DA XUNTA ELECTORAL ELECCIÓNS Á PRESIDENCIA E Á COMISIÓN DELEGADA DA FGC

Ante as preguntas que se están a recibir sobre a dobre representación e a delegación de voto das entidades deportivas (sociedades, clubs, asociacións) para a asemblea constitutiva e electiva do vindeiro 9 de decembro, a Xunta Electoral despois de consultar á Secretaría Xeral para o Deporte, á vista da súa resposta, informa do seguinte:

- 1º. Art. 33.6 Decreto 16/2018 e Art. 17.6 do Regulamento da FGC "**Ningunha persoa membro da asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta**":

Se algunha unha persoa é membro da asemblea xeral da FGC por algún dos estamento de persoas físicas (deportistas, xuíces, outros colectivos) e ao mesmo tempo tamén é o representante dunha entidade deportiva (sociedades, club), non poderá exercer ámbalas-dúas representacións, polo que deberá representar á entidade deportiva outra persoa da xunta directiva que deberá acreditar a súa representación mediante certificado do secretario da entidade.

Premer aquí para descargar modelo de certificado:

<https://www.federaciongalegadecaza.com/elecciones2022/formulario-delegacion-voto.pdf>

- 2º. Art. 39.2 Decreto 16/2018 e Art. 25.3 do Regulamento Electoral "**O voto das persoas membros da asemblea xeral será único, persoal, directo e secreto; non se admitirá o voto por correo nin a delegación de voto**":

Agás que se dea a circunstancia indicada no punto 1º anterior, NON se poderá delegar a representación das persoas físicas (deportista, xuíces, outros colectivos) nin tampouco das entidades deportivas (sociedades, clubs) nin noutra entidade nin noutra persoa membro da asemblea. Nin tampouco o presidente da entidade poderá delegar a representación da mesma (na asemblea) noutra persoa aínda que forme parte da xunta directiva.

- 3º. De darse o caso de que unha entidade deportiva proclamada como membro da asemblea xeral houbera modificado a súa xunta directiva, a representación corresponderá ao novo presidente da entidade, debendo acreditar a súa representación mediante o correspondente certificado do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.